

Queridos irmáns:

1. “Hoxe cumpriuse esta Escritura que acabades de oír”.

O cumprimento das profecías do pobo de Israel é o camiño escollido por Deus para dar resposta aos desexos e esixencias do corazón de todas as xentes e pobos, do mundo, que xeme pola opresión e o sufrimento, e que Deus quere salvar.

Con Xesús anúnciase “o ano de graza do Señor”, o “Ano xubilar”, no que había de recuperarse a xusta relación coa terra e entre todos os membros do pobo. É un tempo de liberdade e vida recuperadas, nunha terra que esperaba esta visita do enviado, do unxido de Deus; nunha terra que necesita a Deus, para non quedar abandonada a si mesma, ás ambicións, as soberbias e as violencias dos homes.

En realidade, toda a nosa existencia, a de cada un, esconde no íntimo o anhelo deste horizonte, desta superación dos males que nos rodean, da desaparición dos medos e as angustias; coma se a luz da mañá e a creación que nos rodea fixesen resoar cada día de novo promesas escondidas de plenitude e de vida.

2. De cantas maneiras non seguimos con ilusión, case sen poder evitalo, o anuncio dun cambio que ía chegar á nosa sociedade, de estar en posesión dos medios e a ciencia que permitirían guiar ao pobo a unha vida nova e feliz! De cantas tecnoloxías non temos esperado que renovasen o noso mundo, cantos proxectos ideolóxicos nos parecen fascinantes e cribles, a cantos poderosos non encomendamos o noso futuro!

Quizá porque, a pesar de todo, no medio das cinzas dos proxectos e promesas que van caducando ao longo dos anos, rexorde sempre a vida do noso corazón, o anhelo e mesmo a urxencia do cambio, da liberación do mal, dunha esperanza de vida.



3. Pero só Xesús puido dicir: “hoxe cumpriuse esta Escritura”, ningún outro. Todo o demais son sempre e só promesas, que non permanecen no tempo. Por iso dicía a lectura da Apocalipse: “Graza e paz a vós de parte de Xesucristo, a testemuña fiel, o primoxénito de entre os mortos, o príncipe dos reis da terra”.

Non pode substituírse a Xesucristo con outro personaxe histórico, nin cun proxecto cultural ou ideolóxico renovado á medida da nosa época. Porque só El nos liberou do noso pecado ao prezo da súa morte, da entrega do seu corpo e sangue, e reconciliounos con Deus e coa vida, co próximo e coa existencia no mundo. Fíxoo El como testemuña fiel do Amor de Deus e do amor fraterno; porque nos ama.

E así, vivindo en plena relación co Pai, cumprindo a súa vontade, converteuse en primoxénito de entre os mortos, venceu á morte e salvou o mundo: introducindo nel unha vida nova e poderosa, a divina caridade, que fai o milagre de dar firmeza ao corazón dos homes, que se enche de fe e de esperanza, e impedindo que o mundo creado por Deus se converta nun lugar para a morte. De modo que, máis aló de todos os rexeitamentos e lamentos, que continuarán ata o final da historia, o Señor guía aos seus fieis e fai deles para os demais unha testemuña de vida e de esperanza da gloria.



4. A Igrexa, o Pobo de Deus, vive da comunión co Señor Xesucristo, participa da súa plena unción co Espírito, do que serán signo e instrumento os óleos que hoxe bendicimos.

Somos as súas testemuñas no mundo, que xa non queremos ver nin entender sen Deus e sen esperanza, abocado simplemente a perecer; no que xa non aprobaremos, en nome de ningunha táctica, mentiras, inxustizas e violencias; no que desexariamos non facer crecer nunca a suma do mal; no que estamos destinados a facer brillar a verdade, a unidade, a caridade, o Amor de Deus

Neste Pobo singular, feito de moitas xentes e unido máis aló de toda diferenza ou división, os sacerdotes somos chamados a ser testemuñas da presenza de Cristo, da novidade da súa Persoa e da súa obra na historia, da salvación que ofrece aos homes.

A nosa existencia e a nosa misión falan del; somos amigos, colaboradores, enviados, seus. O noso ministerio serve para que pola súa Palabra e a súa presenza sacramental se ofrezca a posibilidade de entrar hoxe e aquí en comunión real con El, de vivir segundo o seu Espírito, de pertencerlle e seguilo concretamente, sen quedar nas propias ideas ou nas de calquera outro.

Toda a vida se ilumina pola relación con El, con Deus: desde o vir ao mundo ao coñecer a verdade, crecer na caridade, conformar a vida coa súa bendición e afrontar a morte coa súa graza, no horizonte da vida eterna. É unha relación vivida sacramentalmente, aínda non cara a cara; pero na cal deixamos xa de estar sos con nos mesmos e unímonos a El, que morreu e resucitou por nós e nos acompaña todos os días ata o fin do mundo.

O ministerio apostólico serve á súa presenza, misteriosa pero real, entre nós; fai posible que permanezamos como discípulos seus, salvagardando a verdade da súa Palabra e dos seus sacramentos, de modo que, tamén na nosa terra, podamos vivir na unidade do mesmo Pobo de Deus do que Xesús é cabeza e alma, que se estendeu desde Xerusalén por toda a terra e que atravesa os séculos.

Hoxe lembramos o noso ministerio sacerdotal, e lembramos a Cristo, cuxo camiño pascual celebramos na Semana Santa.

Del veunos a chamada para servilo, o amor que nos sostén na misión a pesar das nosas debilidades e pecados, a esperanza que non defrauda, porque sabemos de quen nos fiamos.



Pero Del vén tamén a compañía dos irmáns, a fraternidade presbiteral, a pertenza á gran familia da diocese lucense, a compañía do Pobo de Deus: parroquias e comunidades, fregueses e amigos, colaboradores e persoas necesitadas. Del vénnos a graza de ser enviados ao servizo dos nosos irmáns, como testemuñas do Amor vencedor de Deus e dunha fraternidade que é real, aínda sendo pecadores.

A El queremos renovar agora o agradecemento do corazón, a palabra dada coa que lle confiamos a vida. Certos do súa misericordia dirixímonos a El pedíndolle en primeiro lugar polas parroquias que temos encomendadas; e hoxe tamén, en especial, polos nosos irmáns sacerdotes: polos falecidos, polos enfermos, polos que necesitan a nosa compañía e axuda, e polos que son o noso apoio no camiño.

A El dámoslle as grazas polo seu Amor e a súa paciencia, polos seus moitos dons e grazas, pola perseveranza ata hoxe. E pedímoslle os uns polos outros, pola nosa vocación e a nosa entrega, polo noso Pobo, ao que nos enviou como pastores.

Que El nos garde e faga posible o cumprimento da nosa misión, para que a luz do Evanxeo brille no corazón dos nosos irmáns e da nosa terra. Que Santa María de Lugo, Virxe de mirada luminosa e nai dos sacerdotes, interceda por nós.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo